

# DINÁMICAS PARA TRABALLAR AS EMOCIONS OS TAXIS



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Ofrecer oportunidades para a propia xestión emocional.
- ★ Favorecer un clima de aceptación e respecto ás diferenzas.
- ★ Ofrecer oportunidades para empatizar cos demais.
- ★ Reflexionar sobre a importancia da tolerancia.

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Unha terceira parte da clase sae da aula, mentres o titor/a dá instrucións aos que quedan.
- ★ O alumnado que queda na clase serán os pasaxeiros que piden un taxi. Para iso, terán que chamar ao taxista, dicir lle onde queren ir, poñer a man nas súas costas, para escenificar a viaxe, pagar cando cheguen ao destino e pedir aos taxistan que lles asinen o traxecto.
- ★ O alumnado que fai de pasaxeiro apunta nun papel os 5 destinos aos que quere ir, deixando espazo para a firma do taxista que cubra o traxecto. Mentres, o titor/a sale para dar instrucións aos taxistas.
- ★ As instrucións aos taxistas consisten en que teñen unha "teima" moi especial, cada un a súa. Estas teimas serán do tipo: "Ti non podes subir a quen leve lentes", "Ti non podes subir a quen vista pantalóns vaqueiros", "Ti non podes subir aos mozos", "Ti non podes subir ás mozas", "Ti, aos que leven pelo curto", "Ti aos que calcen deportivas", "Ti a quen vista de azul".... Cando un cliente que cumpra coa súa teima chama por ese taxi, non poden parar nin explicarlle o motivo de por que non paran. Aos demais pasaxeiros, lévannos ao seu destino e asinanlle o papel conforme si lles transportaron. Débeselles dicir de forma explícita aos taxistas que non poden contar os motivos de por que non paran aos compañeiros/as ata que o titor/a lles pregunte.
- ★ Se na vosa clase algunha persoa está apartada do grupo, podedes fixarvos para que non cumpra ningunha das "teimas" para poderes gañar a dinámica. E ó contrario, se observades que un alumno/a ten unha actitude negativa cara outras persoas do grupo, podedes facer que as taxistas teñan varias "teimas" que lle impidan facer a súa viaxe. Desta forma promoveremos nun clima de xogo e azar a emoción da empatía, de poñerse na pel de outra persoa.
- ★ Cando entran os taxistas, comeza a dinámica, que parará cando unha das persoas pasaxeiras complete os seus cinco traxectos ou cando haxa moitas anoxadas, queixosas... que non entenden por que os taxistas non lles paran.

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ O alumnado pasaxeiro explica como lle foi o xogo, como se sentiron, se puideron completar as viaxes... As persoas que levaban o taxi neste momento só poden escoitar.
- ★ Pedimos a cada taxista que explique as súas instrucións para xogar e que comente como se sentiu durante o xogo, ao ter que dicir que non a unha amizade, ao escoitar os comentarios...
- ★ O titor/a pregunta: Algún taxista saltou a súa norma? Por que? Era unha norma xusta? Que pensades que senten as persoas cando son discriminadas por aspectos que non teñen que ver co que realmente son?
- ★ Que creedes que podedes facer para tentar respectar as emocións que provocades nos demais?